

ACTA

Asunto: Acta da 3ª reunión do Consello de Arquivos de Galicia

Lugar: Edificio do Arquivo de Galicia, Santiago de Compostela

Data: 6 de xuño de 2019

Hora de comezo: 12 h

Hora de remate: 13,30 h

Asistentes:

Anxo M. Lorenzo Suárez (secretario xeral de Cultura), vicepresidente 1º

Natalia Prieto Viso (D.X. de Avaliación e Reforma Administrativa), vicepresidenta 2ª

Mª Josefa Piñón López (xefa do Servizo do Sistema de Arquivos), secretaria

Mª del Carmen Calviño Rodríguez (subdirectora xeral de Arquivos e Museos), vogal

Mª del Mar García Miraz (xefa do Servizo do Arquivo de Galicia), vogal

Pablo Sánchez Ferro (director do Arquivo Histórico Provincial de Ourense), vogal

Carmen Moreiras Plaza (arquiteira do Parlamento de Galicia), vogal

Dolores Sáez Madrid (subdirectora xeral de Persoal da Administración de Xustiza, en substitución do director xeral de Xustiza), vogal

Olimpia López Rodríguez (presidenta de BAMAD-Galicia), vogal

Pedro López Gómez (ex director de arquivos), vogal

Mª José García Sexto (directora da Área de Modernización das Administracións Públicas da Amtega), vogal

Juan Antonio Naveira Seoane, xefe de Servizo de Inventario da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

José Ramón López Fernández, xefe de Sección do Arquivo de Galicia

Desculpan a súa ausencia:

Jaime Fariña Fernández (Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela), vogal

Carmen Prieto Ramos (directora do Arquivo do Reino de Galicia), vogal

Ausentes:

Alberto González Fernández (alcalde do Concello de Valdoviño), vogal

Javier Jorge Castiñeira (alcalde do Concello de Foz), vogal

Avelino Bouzón Gallego (director do Arquivo Diocesano e Catedralicio de Tui), vogal



Orde do día

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior
2. Presentación da Estratexia da Cultura Galega 21
3. Proposta de elaboración dun plan de arquivos de Galicia
4. Declaración como Ben de Interese Cultural (BIC) do denominado “Arquivo fotográfico Vidal” do Concello de Laxe
5. Presentación da actualización do cadro de clasificación funcional de documentos da Administración da Xunta de Galicia
6. Aprobación da proposta de modelo de acta de eliminación de documentos
7. Informe sobre a execución do Plan de dixitalización de fondos documentais de Galicia
8. Rogos e preguntas

Deliberacións

1. Lectura e aprobación acta da sesión anterior

Preside a reunión o director xeral de Política Culturais, Anxo Lorenzo Suárez, vicepresidente 1º, en substitución do conselleiro de Cultura e Turismo, que da a benvida a todos os membros e presenta á subdirectora xeral de Arquivos e Museos, Mª del Carmen Calviño Rodríguez.

Apróbase a acta cos asuntos tratados e os acordos adoptados na sesión anterior.

2. Presentación da Estratexia da Cultura Galega 21

Anxo Lorenzo presenta a Estratexia da Cultura Galega 21:

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral de Políticas Culturais, impulsa a Estratexia da Cultura Galega, un documento público coas principais liñas de actuación e as prioridades da política cultural de Galicia durante os próximos anos.

O Plan ten 6 liñas estratéxicas, a liña 4 trata do fortalecemento da función social das institucións e entidades culturais. O obxectivo estratéxico 4.3 está centrado nos arquivos públicos e conta con 10 medidas/actuacións concretas.

A exposición pública será dentro de dúas semanas para que todos poidan transmitir alegacións contra feitos concretos.

O presidente anima aos membros dos Consellos ou a través das entidades á participación e alegacións ao anteproxecto. A información está dispoñible na páxina web cultura.gal.

Esta actuación ten moito que ver con este Consello, como consello asesor, que debe divulgar o traballo que se fai aquí e difundir e darlle máis forza ao traballo do Consello de Arquivos de Galicia.

3. Proposta de elaboración dun Plan de Arquivos de Galicia





Na anterior sesión do Consello de Arquivos de Galicia acordouse constituír un grupo de traballo para, entre outros cometidos, elaborar un Plan de arquivos a fin de levar a cabo a avaliación de necesidades de persoal e de infraestrutura dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.

Nesa mesma sesión concluíase a necesidade de que ese plan debería formar parte dun Plan de Cultura, unha Estratexia de carácter máis amplo, na que se recollesen, entre outras, medidas para o conxunto dos arquivos de Galicia. En todo caso, entre esas medidas debe contemplarse un plan específico para os arquivos da Xunta de Galicia, tal como esixe a Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.

Propónse como punto de partida un documento cunha estrutura básica con dous obxectivos estratéxicos:

- Impulsar o desenvolvemento da xestión documental e fortalecer o Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia como elementos clave para una xestión eficaz e eficiente das Administracións Públicas
- Promover a conservación, acceso e difusión do patrimonio documental de Galicia.

Esta estrutura será o punto de partida que se enriquecerá con achegas, tanto das institucións representadas neste consello, como de todos os departamentos da Xunta de Galicia, de xeito que a implicación non só será na súa redacción, senón tamén na súa posta en marcha e execución.

No que se refire aos aspectos metodolóxicos, dende o grupo de traballo constituído para tal fin, presidido por Carmen Prieto Ramos, abrírase un prazo de 10 días para que os membros deste consello acheguen as propostas que estimen pertinentes en relación a este plan. As achegas faranse a través do correo do Servizo do Sistema de Arquivos.

Posteriormente manteranse contactos coas distintas consellerías da Xunta de Galicia a fin de implicalas tamén na elaboración do documento. Unha vez redactado, presentarase a este Consello e finalmente aprobarase por parte do Consello da Xunta de Galicia.

Olimpia pregunta si solo se trata do Plan para arquivos da Xunta de Galicia porque neste consello están representados outros arquivos.

Anxo contesta que para iso está a Estratexia, que ten un carácter máis amplo, no que se inclúen todos os arquivos do Sistema de Arquivos de Galicia.

Pablo Sánchez pregunta polos prazos. Aínda que non se fixa un prazo concreto, a subdirectora manifesta que poden empezarse a desenvolver os traballos co obxectivo de contar cun primeiro borrador en decembro deste ano. No grupo de traballo farase un calendario e se determinará un cronograma de traballo. Neste prazo deberá estar listo polo menos un borrador.

4. Declaración como Ben de Interese Cultural (BIC) do denominado “Arquivo fotográfico Vidal” do Concello de Laxe

Anxo Lorenzo xustifica a competencia do Consello de Arquivos de Galicia sobre este asunto: de conformidade co disposto no artigo 3.1.d) do decreto 25/2016, do 3 de marzo, polo que se regula a composición e o funcionamento do Consello de Arquivos de Galicia, entre as funcións do Consello atópase a de emisión de informe con carácter preceptivo sobre a declaración de bens do patrimonio documental como bens de interese cultural, así como a súa inclusión no Catálogo ou no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.

Antecedentes: o Concello de Laxe iniciou o procedemento para a declaración como ben de interese cultural deste arquivo fotográfico ao abeiro do artigo 16 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Os documentos que compoñen o fondo son produto da actividade de Plácido Vidal Díaz (1867-1956) e do seu fillo, José María Vidal García (1900/1988).



O fondo, integrado por un total de 59.667 fotografías, foi doado pola familia ao Concello de Laxe o 16 de decembro de 2008, doazón que se completou posteriormente no ano 2017. Atópase depositado no arquivo municipal.

Valor cultural: o Arquivo fotográfico Vidal constitúe un importante testemuño da vida das comarcas de Bergantiños e Soneira nun amplo período cronolóxico que comprende desde finais do século XIX á década dos oitenta do século XX. Nel quedan reflectidos os grandes acontecementos políticos ou sucesos trágicos como accidentes e naufraxios tan frecuentes na Costa da Morte, pero tamén moitos outros aspectos da súa sociedade, tanto da clase alta, como das persoas que traballan no mar, no campo ou nas fábricas.

En definitiva, resulta relevante o recoñecemento do interese histórico, artístico e documental do Arquivo fotográfico Vidal para a conservación da memoria social e cultural colectiva.

Toma a palabra Juan Antonio Naveira xefe de Servizo de Inventario da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural quen explica o procedemento para a declaración de BIC que está a tramitar a Dirección Xeral de Patrimonio.

Pedíronse informes a outros consellos e órganos consultivos: ao Consello da Cultura Galega, á Real Academia Galega de Belas Artes e ao Museo do Pobo Galego. Os tres informes son favorables e recomendan a súa valoración como BIC.

Aconséllase para este fondo un réxime de protección igual aos arquivos autonómicos fronte ao espolio e a exportación e garantir así a non disgregación do fondo fotográfico. Isto é un exemplo para outros arquivos fotográficos que se poidan incoar outros BIC.

Precísase informe deste órgano para que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural eleve a declaración de BIC a través dun decreto.

Pedro López pregunta quen será o responsable da custodia deste fondo.

Juan Naveira contesta que está depositado no arquivo do concello en boas condicións de control medioambiental.

Mar García engade que hai persoal fixo no arquivo e biblioteca. Ademais os técnicos da Subdirección xeral de Arquivos e Museos xunto con persoal do laboratorio de restauración do Arquivo do Reino de Galicia realizaron unha visita ás instalacións e garantizan que cumpre con todos os requisitos o que quedou plasmado nun informe.

Pablo Ferro solicita que se pase o informe da visita dos técnicos aos membros do Consello.

Declárase favorable a solicitude de declaración de Ben de Interese Cultural.

Acórdase pasar o informe aos membros do consello e remitir un certificado do acordo á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

5. Presentación da actualización do cadro de clasificación funcional de documentos da Administración da Xunta de Galicia

Toma a palabra Anxo Lorenzo e explica a importancia dos cadros de clasificación de documentos como instrumentos de traballo imprescindibles para a xestión de documentos. Son ferramentas necesarias para a organización lóxica dos documentos de acordo cos principios arquivísticos, que permiten aplicar de forma uniforme ás diferentes agrupacións documentais ás políticas de conservación, acceso ou seguridade ditas por unha determinada institución.

Estes cadros veñen prescritos tanto pola lexislación vixente na materia de Administración electrónica (Real decreto 2004/2010, polo que se aproba o Esquema Nacional de Interoperabilidade, Norma técnica de Interoperabilidade de Política de Xestión de Documentos Electrónicos de diversos organismos públicos das





administracións estatal, autonómica ou local...) coma por normas técnicas e recomendacións internacionais en materia de xestión documental (Norma UNE/ISO 15489-1:2016, Moreq 2010...).

O marco normativo e técnico existente nesta materia avogan pola elaboración de cadros de clasificación funcionais, pois existe un consenso na teoría arquivística e de xestión documental a favor deste tipo de cadros, que resultan ser moito máis estables que os puramente orgánicos, que deben adaptarse aos continuos cambios nas estruturas das organizacións.

Esta proposta de cadro de clasificación funcional da Xunta de Galicia responde a eses presupostos. Constitúe ademais, por unha banda, a evolución lóxica do cadro de clasificación dos documentos da Administración de Galicia ata agora en vigor, que foi elaborado no ano 2010. Por outra banda, e en relación co progresivo desenvolvemento da Administración electrónica, facíase necesario aliñar o cadro de clasificación funcional coas propostas que se están desenvolver tanto noutras comunidades autónomas como na propia Administración xeral do Estado.

Presenta a proposta de actualización do cadro de clasificación José Ramón López Fernández, membro do grupo de traballo de Administración autonómica:

A estrutura do novo cadro de clasificación xustifícase por 3 motivos: pola demanda da lexislación, porque o require o traballo técnico e porque é unha ferramenta para fomentar as políticas de eliminación e organización.

Este cadro parte do cadro publicado no ano 2010, no que se detectaron carencias e que se tratan de salientar. Había incongruencias, non era un cadro totalmente funcional. Hai confusión entre ámbitos competenciais.

Neste cadro hai 8 grandes áreas. Non son áreas competenciais. Hai dificultade para a implantación do cadro no arquivo electrónico así como no IIA.

Natalia Prieto di que o cadro non coincide coa clasificación da recodificación do inventario. Os novos códigos tamén se fan para os ámbitos competenciais. É necesario que todo estea unificado. Hai que traballar conxuntamente para que todo funcione correctamente.

Mar García aclara que isto é unha proposta, a partir de aquí terán contactos coa Dirección Xeral de Avaliación e coa AMTEGA e o resultado presentarase no próximo consello.

6. Aprobación da proposta de modelo de acta de eliminación de documentos

O Decreto 15/2016, do 14 de xaneiro, polo que se regula a composición e funcionamento do Consello de Avaliación Documental de Galicia e o procedemento de avaliación e selección de documentos, regula no seu artigo 19 a remisión e o rexistro das actas de eliminación de documentos.

A primeira eliminación de documentos executouse entre o 6 e o 9 de maio deste ano, logo da publicación no Diario Oficial de Galicia da Resolución do 20 de decembro de 2018, pola que se autoriza a eliminación de series documentais producidas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A actuación de referencia motivou a necesidade de contar cun modelo de acta de eliminación que, recollendo todos os extremos aos que se refire o Decreto 15/2016, do 14 de xaneiro, establece unha estrutura de contidos que empregar de forma común polos arquivistas que tomen parte nestes procedementos. Para estes efectos, elaborouse un modelo no grupo de traballo de Administración autonómica, modelo que se somete este Consello por considerar que mellorará o funcionamento da xestión documental.

Apróbase o modelo de acta de eliminación de documentos



7. Informe sobre a execución do Plan de dixitalización de fondos documentais de Galicia

M^a del Carmen Calviño fai unha presentación da execución dos proxectos de dixitalización de fondos documentais:

En relación ao proxecto Geoarpad, a Secretaría xeral de Cultura participou na actividade 3: Patrimonio documental da Eurorrexión: dixitalización e difusión. O resultado deste proxecto foi a realización de 756.000 imaxes con metadatos asociados de fondos documentais custodiados nos arquivos históricos así como a elaboración de dous documentos: a Metodoloxía de planificación e execución de proxectos de dixitalización para a difusión e o Modelo de Gobernanza de Galiciana. Patrimonio Dixital de Galicia. Estes documentos permiten abordar de forma común e sistemática as accións de dixitalización e se proporán como boa práctica e metodoloxía de referencia como parte dos procedementos vinculados ao Arquivo Dixital de Galicia.

Prevese que os traballos de execución rematen en agosto de 2019.

O proxecto Memoria Dixital, cofinanciado con fondos europeos e xestionado por AMTEGA ten como obxectivo principal asegurar a preservación e facilitar a difusión do patrimonio cultural de Galicia a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia. Dixitalizáronse 446.999 imaxes dos arquivos históricos da Xunta de Galicia.

En relación as dixitalizacións noutros arquivos do Sistema de Arquivos de Galicia xestionáronse proxectos financiados pola Consellería de Cultura e Turismo con fondos propios e proxectos financiados pola AMTEGA a través dunha convocatoria pública dentro do proxecto Memoria Dixital.

Pedro López pregunta pola dixitalización do Catastro de Ensenada realizada polo Ministerio.

Anxo responde que antes de iniciar este proxecto a Subdirección consultou co Ministerio si tiñan previsto dixitalizar os libros do Catastro de Ensenada e contestaron que non. Se lles pediu autorización e se acometeron dende aquí.

O Ministerio dispón de imaxes realizadas sobre microfilm, non sobre os orixinais, e teñen moi mala calidade.

8. Rolda de intervencións

Anxo Lorenzo felicita aos arquivos polas actividades da celebración do Día Internacional dos Arquivos e lembra a inauguración da exposición “Patrimonio Industrial” realizada polo Arquivo de Galicia

En relación ao Plan de Dixitalización a Dirección Xeral de Políticas Culturais manifesta a intención de organizar a final de ano un simposio no que podería abordarse aspectos relativos ao tratamento dixital en arquivos, bibliotecas e museos, toponimia, xeográficos...para preservar o patrimonio cultural.

Acordos:

1. Apróbase a acta da sesión anterior
2. Informe favorable sobre a declaración de BIC do Arquivo fotográfico Vidal custodiado no Arquivo Municipal de Laxe. Notificación á Dirección Xeral de Patrimonio do acordo do consello de hoxe.
3. Apróbase o modelo de acta de eliminación de documentos





4. Trasladar o Plan de arquivos e o enlace para acceder á información da Estratexia na páxina web cultura.gal a efectos de deixar 10 días para que se fagan as achegas pertinentes ao futuro plan. O correo de recepción é o do Servizo do Sistema de Arquivos: servizodearquivos.cultura@xunta.es.

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza ás 13,30 horas.

Santiago de Compostela, asinado electronicamente

A secretaria

M^a Josefa Piñón López

Vº e Prace

O vicepresidente,

Anxo M. Lorenzo Suárez

